



RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA O CONTRATO DE SERVIZOS DE CONTROL E MELLORA DOS SISTEMAS IMPLANTADOS PARA A ELIMINACIÓN DO PO DE SÍLICE

O 22 de agosto de 2014 aprobáronse os pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexeron no expediente para a contratación pola Asociación Clúster da Pizarra de Galicia (en diante a A.C.P.G.), a través do procedemento negociado con publicidade, dos servizos de control e mellora dos sistemas implantados para a eliminación do po de sílice.

O día 25 de agosto de 2014 publicouse o anuncio de licitación no perfil do contratante da páxina web da A.C.P.G. Coa mesma data publicáronse no perfil do contratante os pregos de condicións e de prescricións técnicas.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes de participación de ofertas (o 1 de setembro de 2014, ás 14:00 horas, tal e como se sinalaba no anuncio de licitación), recibíuse unicamente no Rexistro da A.C.P.G. a seguinte solicitude de participación:

- INTECO INGENIERÍA AVANZADA, S.L., titular do CIF B-36.856.540, que presentou a súa proposta o día 1 de setembro de 2014.

Posteriormente, procedeuse á apertura do Sobre de "*Solicitud de participación e documentación xeral*" do licitador non observando ningún defecto na documentación presentada, polo que foi admitido ao proceso de licitación.

Desta maneira, acordouse admitir á empresa Inteco Ingeniería Avanzada, S.L. ao proceso de licitación e cursóuselle invitación á empresa seleccionada para que presentase a súa proposta na forma establecida nos pregos de contratación.

En data 26 de setembro de 2014 procedeuse á apertura do sobre que contén a "*Proposta cualitativa e cuantitativa*". En primeiro lugar examínase a documentación relativa aos criterios cualitativos (NON cuantificables de forma automática ou mediante fórmulas matemáticas), contendo a oferta presentada todos os documentos esixidos nos pregos. Unha vez analizada a oferta cualitativa procedeuse á análise da oferta cuantitativa, da que resultou a seguinte proposta:

- Base Impoñible: oitenta e dous mil seiscentos corenta e catro euros con sesenta e tres céntimos (82.644,63 €).
- I.V.E.: dezasete mil trescentos cincuenta e cinco euros con trinta e sete céntimos (17.355,37 €).
- Total: cen mil euros (100.000,00 €).



A proposta económica presentada non excede do orzamento máximo de licitación nin tampouco se aprecia ningún dato que poida facer inviable a proposta formulada polo licitador.

Trala correspondente negociación co licitador, e posto que a súa oferta cumpre cos requisitos establecidos nos pregos de licitación, considérase adecuada para satisfacer as necesidades de contratación da A.C.P.G.

Posto que o licitador xa presentara no sobre de documentación xeral a relacionada na cláusula 10.1 do prego de condicións, non se precisa facer requirimento ningún ao efecto, considerándose á empresa licitadora como apta para ser contratista da A.C.P.G.

Tendo en conta canto antecede, e de conformidade coas facultades que teño conferidas en virtude dos Estatutos da A.C.P.G.,

ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar o contrato de servizos de control e mellora dos sistemas implantados para a eliminación do po de sílice á empresa INTECO INGENIERÍA AVANZADA, titular do CIF B-36.856.540, polo importe total de cen mil euros (100.000,00 €), sendo oitenta e dous mil seiscientos corenta e catro euros con sesenta e tres céntimos (82.644,63 €) a base impositiva, e correspondendo dezasete mil trescentos cincuenta e cinco euros con trinta e sete céntimos (17.355,37 €) á cota do Imposto sobre o Valor Engadido.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato dentro do prazo de quince (15) días hábiles dende a comunicación da presente resolución, ao que se lle engadirá, formando parte integrante do mesmo, a oferta do adxudicatario (conformando o Anexo I) e un exemplar do prego de condicións e de prescricións técnicas que rexeron o procedemento de contratación (conformando o Anexo II), debidamente asinados polo contratista.

Sobrado de Valdeorras, 29 de setembro de 2014

O Presidente da Asociación Clúster da Pizarra de Galicia

Asdo. D. Víctor M. Cobo Arias

